

Universidade
de
Vigo

REGULAMENTO DOS TITULOS PROPIOS E CURSOS DE FORMACION

A Lei de Reforma Universitaria, no seu artigo 28.3, outorga ás Universidades a posibilidade de impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos ou diplomas distintos dos oficiais que teñen validez en todo o territorio nacional.

O R.D. 185/1985 (B.O.E. do 16-02-85) que regula os estudos de Terceiro Ciclo, no seu artigo 17 volve a incidir sobre a capacidade das Universidades para impartir ensinanzas conducentes a títulos ou diplomas que carecerán de carácter oficial en tanto o Goberno non estableza o contrario.

O R.D. 1496/1987 (B.O.E. do 14-12-87) na súa sección segunda establece as condicións xerais para a expedición dos títulos e diplomas propios das Universidades.


O Convenio Interuniversitario sobre estudos de Postgrao conducentes a títulos propios das Universidades asinantes, establece normas sobre a delimitación, obtención e expedición deste tipo de títulos de cara a dotalos dunha maior homoxeneidade.

Así mesmo os artigos 7.n, 72.p, 77.u, 203 e 205 dos Estatutos aprobados polo Claustro volven a recolle-la citada posibilidade, especificando o artigo 205 que a Xunta de Goberno establecerá as normas xerais que regulen a organización e aprobación destes estudos, así como o procedemento para expedir certificados ou diplomas.

En virtude dos preceptos reguladores mencionados e para poder concreta-la oferta de títulos e diplomas propios da Universidade de Vigo, faise necesario a elaboración dunha norma específica que desenvolva as disposicións legais en vigor, polo que a Xunta de Goberno acorda:

CAPITULO I. TITULOS PROPIOS

- 1- Son títulos propios da Universidade de Vigo os outorgados pola mesma e sexan distintos dos títulos de carácter oficial e aos estudos de Terceiro Ciclo. En todo caso para a súa obtención será necesario posuí-la titulación que se requira na correspondente convocatoria.
- 2- Os títulos propios da Universidade de Vigo rexeranse polas disposicións legais vixentes que lle sexan de aplicación e polo presente Regulamento.



Universidade
de
Vigo

3 - As ensinanzas conducentes á obtención dos títulos propios da Universidade de Vigo poderán ser de dous tipos:

3.1 - Estudos cíclicos, de primeiro, de segundo, de primeiro e segundo ou de primeiro, segundo e terceiro ciclo, con denominación e planos de estudos fixos, de carácter profesional ou científico. A súa elaboración e implantación rexeráse pola normativa vixente para a aprobación de planos de estudo de títulos de carácter oficial vixentes no territorio nacional.

3.2 - Estudos de Postgrao. Son aqueles que versen sobre campos do saber propios dos estudos de procedencia, ou de carácter intercurricular e interdisciplinar, especialmente orientados á aplicación profesional de ditos saberes. Teñen como finalidade unha formación específica ou unha especialización universitaria. Deberán responder a necesidades ou intereses do entorno social, de tipo cultural, científico, artístico, técnico ou profesional.

4 - Os estudos de Postgrao estruturaránse en:

4.1 - Estudos de Mestrado (Master ou Magister) que darán dereito a quen os supere á obtención do título de Mestrado ou Magister Universitario. Os estudos de Mestrado corresponden a un ciclo universitario de formación de postgrao.

4.2 - Estudos de Especialización que darán dereito a quen os supere á obtención do título de Especialista ou Experto Universitario.

5 - Os estudos de Postgrao son estudos dunha duración temporal non superior aos dous anos, cunha denominación concreta e non necesariamente mantidos ao longo do tempo.

6 - Os estudos de Mestrado comprenderán, como mínimo, 50 créditos lectivos entre teóricos e prácticos. Terán unha duración de dous cursos académicos aínda que excepcionalmente poderánse impartir en un. Os estudos de Especialización comprenderán como mínimo 20 créditos lectivos e terán unha duración entre medio e un curso académico.




CAPITULO II. DA ORGANIZACION DOS CURSOS DE POSTGRAO

- 7 - A dirección, organización, realización e responsabilidade académica dos Cursos de Postgrao corresponde aos Centros, Departamentos e Institutos da Universidade de Vigo os cales se responsabilizarán do seu deseño, implementación e funcionamento. Poderán tamén ser organizados por varios Departamentos, Centros ou Institutos cando así o esixa o seu carácter interdisciplinar ou intercurricular. Na organización tamén poden participar institucións alleas á Universidade.
- 8 - As propostas dos Cursos de Postgrao, dirixidas ao Rector da Universidade e acompañadas do informe favorable da correspondente Xunta de Centro, Consello de Departamento ou de Instituto, presentaranse no Vicerrectorado de Profesorado e Organización Académica para o informe preceptivo da Comisión de Organización Académica e de Profesorado e a súa presentación ante a Xunta de Goberno. Unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno serán remitidas ao Claustro para a súa aprobación definitiva.
- 9 - As propostas de Cursos de Postgrao deberán incluír:
 - Nome ou denominación do curso e do título.
 - Nome do(s) Director(es) e/ou Coordinador(es).
 - Xustificación da súa necesidade académica e/ou social.
 - Número máximo e mínimo de prazas que se ofertan.
 - Criterios de admisión de alumnos.
 - Titulación requerida.
 - Importe da matrícula.
 - Orzamento de ingresos e gastos.
 - Relación do profesorado co seu curriculum detallado.
 - Relación de materias impartidas por cada profesor.
 - Impresos do Consejo de Universidades.
 - Programa do curso, que establecerá, como mínimo:
 - * Calendario.
 - * Obxectivos que se pretenden.
 - * Programa detallado de materias.
 - * Contido fundamental de cada unha das materias.
 - * Créditos teóricos e prácticos de cada materia.
 - * Metodoloxía didáctica e actividades docentes.
 - * Sistema de avaliación.



Universidade
de
Vigo

- 10 - A presentación das propostas de organización de Cursos de Postgrao faranse cunha antelación mínima de seis meses ao comezo do proceso de matrícula.
- 11 - Para acceder aos cursos de Mestrado será necesario estar en posesión dun título oficial de segundo ciclo no ámbito do mesmo. Excepcionalmente, cando a especificidade dun Mestrado teña unha conexión directa de formación ou complementación con títulos universitarios de primeiro ciclo, poderán acceder a tales cursos os Diplomados Universitarios. Neste caso esixirase aos diplomados unha experiencia profesional de 3 anos e unha formación universitaria de Postgrao equivalente a 20 créditos na especialidade.
- 12 - Para acceder aos cursos de Especialización será necesario estar en posesión dun título universitario. Poderán ser tamén admitidos nestes cursos, profesionais directamente relacionados ca especialidade, sempre e cando, de acordo co establecido no artigo 7.1 do R.D. 1496/1987, cumplan os requisitos legais para cursar estudos universitarios.
- 13 - A inscrición, a publicación de listas de admitidos e a resolución de reclamacións é responsabilidade do Director do curso.
- 14 - A xestión da matrícula realizarase no Centro, Departamento ou Instituto organizador do curso. O Director do curso contará coa axuda administrativa e informática da dependencia organizadora do curso.
- 15 - O Director do curso será profesor da Universidade de Vigo co grao de Doutor ou de Magister na especialidade. Como mínimo, un tercio do profesorado que imparta o curso, será da Universidade de Vigo e un tercio dos totais posuirán o título de Doutor ou Magister Universitario. Ata un máximo do 2% da docencia pode estar a cargo de titulados de 1º ciclo ou especialistas non titulados de recoñecido prestixio. No caso de cursos dos que a temática non corresponda cos campos do saber dos Centros, Departamentos ou Institutos da Universidade, o tercio do profesorado propio poderá ser substituído por profesorado doutras Universidades.
- 16 - Os títulos propios aprobados pola Universidade de Vigo, de acordo con este Regulamento, serán consignados nun libro de rexistro específico de Títulos Propios establecido pola Universidade, con carácter centralizado, e en análogas condicións de identificación, custodia, certificación e carácter público que o Rexistro relativo os títulos oficiais.



Universidade
de
Vigo


- 17 - A obtención do correspondente título só poderá acadarse unha vez superado o proceso de avaliación do Curso según o sistema que se estableza no mesmo. O título levará a denominación específica dos estudos. A simple asistencia non dará lugar, en ningún caso, á obtención do título. En caso de non supera-la avaliación só se poderá expedir un certificado de asistencia.
- 18 - Os títulos correspondentes aos estudos de Postgrao serán outorgados polo Rector e neles debe figura-lo nome e os dous apelidos do interesado, a data de nacemento, o nome completo do curso e código, as horas de duración, a data de expedición, número de rexistro do libro e coas rúbricas do Xefe do Servicio, do Rector e do Director do curso.
- 19 - O título levará no seu reverso a descripción dos ensinos que forman o programa de estudos detallando as materias, créditos e actividades que inclúe o programa. Así mesmo indicárase a titulación previa ou os requisitos a través dos que se accedeu ao mesmo.
- 20 - Os estudos de Postgrao propios da Universidade de Vigo funcionarán en réxime de autofinanciamento, e os seus aspectos económicos axustaranse ás disposicións vixentes. O financiamento poderá facerse por calquera dos seguintes canles, ou por varios simultaneamente:
 - a) Taxas de matrícula.
 - b) Subvencións de Entidades Públicas ou Privadas.
 - c) Convenios con Entidades Públicas ou Privadas.
- 21 - O 10% dos ingresos brutos do curso devengarase á Universidade de Vigo en concepto de custos indirectos. Unha vez descontados os gastos (incluído o 10% citado) o 15% corresponde a ingresos para a dependencia organizadora e o 85% restante será para pagar aos profesores. As retribucións do profesorado estarán limitadas ao establecido na normativa vixente (art. 11 e 45.1 da L.R.U., Lei 53/1984 de incompatibilidades do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas e R.D. 1930/1984).
- 22 - O acceso a estudos de Postgrao por parte de quen estea en posesión dun título estranxeiro, farase sin necesidade de homologación do seu título, sendo suficiente a autorización concedida polo Rector, que será expedida previa comprobación da correspondencia do título estranxeiro presentado.
- 23 - Os organizadores dos Cursos de Postgrao poderán convalidar ata a metade dos créditos por outros estudos de Postgrao previamente realizados, seguindo os criterios establecidos no anexo I do R.D. 1497/1987 de 27 de Novembro sobre



Universidade
de
Vigo

CAPITULO III. CURSOS DE FORMACION

- 24 - Os Departamentos, Centros e Institutos da Universidade de Vigo, poderán realizar cursos ou seminarios de formación tendentes a impulsa-lo desenvolvemento profesional, técnico, artístico e/ou científico dos diferentes membros da comunidade universitaria ou de persoas alleas á mesma. A súa carga lectiva non será inferior a 3 créditos.
- 25 - Estes estudos acreditaranse mediante diplomas de aproveitamento ou certificados de asistencia expedidos polos Departamentos, Centros ou Institutos, segundo os casos, nos que figurarán, como mínimo, o nome e apelidos do participante e o nome, os créditos e a data de realización do curso.
- 26 - Para acceder aos Cursos de Formación será necesario estar en posesión dun título universitario. Nembargantes, o Director do curso poderá solicita-lo acceso ao curso de alumnos e/ou profesionais directamente relacionados coa especialidade, sempre e cando, de acordo co establecido no artigo 7.1 do R.D. 1496/1987, cumplan os requisitos legais para cursar estudos universitarios.
- 27 - A inscrición, a publicación das listas de admitidos e a resolución de reclamacións é responsabilidade do Director do curso.
- 28 - A xestión da matrícula realizarase no Centro, Departamento ou Instituto organizador do curso. O Director do curso contará coa axuda administrativa e informática da dependencia organizadora do curso.
- 29 - O Director do curso será Profesor Numerario da Universidade de Vigo e, como mínimo, 1/3 do profesorado do curso ou seminario deberán ser profesores da Universidade de Vigo. No caso de cursos dos que a temática non corresponda cos campos do saber dos Centros, Departamentos ou Institutos da Universidade, o tercio do profesorado propio poderá ser substituído por profesorado doutras Universidades.
- 30 - A aprobación e homologación dos cursos de formación será competencia da Comisión Académica e de Profesorado (COAP). Na proposta do curso deben incluírse os seguintes aspectos:
- a) Título do curso ou seminario.
 - b) Director e profesorado do mesmo.
 - c) Autorización do Consello de Departamento ou Instituto e/ou da Xunta do Centro vinculados á organización.



Universidade
de
Vigo

- d) Número máximo de alumnos.
- e) Título de acceso aos cursos.
- f) Materias a impartir.
- g) Duración e data de inicio do curso.
- h) Créditos do curso.
- i) Proposta de matrícula do curso.
- j) Orzamento de gastos.

31 - O 10% dos Ingresos brutos do curso devengarase á Universidade de Vigo en concepto de custos indirectos. Unha vez descontados os gastos (incluído o 10% citado), o 15% corresponde a ingresos para a dependencia organizadora e o 85% restante será para pagar aos profesores. As retribucións do profesorado estarán limitadas ao establecido na normativa vixente (art. 11 e 45.1 da L.R.U., Lei 53/1984 de incompatibilidades do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas e R.D. 1930/1984).

DISPOSICION ADICIONAL

Calquera petición que se poida formular en relación con este Regulamento e que non sexa resolta nun prazo de seis meses considerarase desestimada por silencio administrativo.

DISPOSICION TRANSITORIA

Mentras non estea constituído o Claustro Universitario, a aprobación dos cursos de Postgrao será competencia da Xunta de Goberno.


DISPOSICION FINAL

O presente regulamento entra en vigor no día seguinte da súa aprobación en Xunta de Goberno e anula calquera outro acordo ou disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao mesmo.


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente "Regulamento dos Títulos Propios e Cursos de Formación" foi aprobado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno desta Universidade na data 7 de Xuño de 1993.



Vº. e Pr.
O RECTOR,


Luis Espada Recarey

A SECRETARIA XERAL,


Luisa Blanco Rodríguez